



Concello de Lugo

GABINETE DE TRÁFICO

Tf. 982 297 286 (196) (293) - Fax 982 297 284  
gabinete.trafico@concellodelugo.org

Área de Alcaldía: Recursos Humanos e Protección da Comunidade.  
Policía Local.  
MVS  
Ref. 1356.2015

## PLAN DE TRÁFICO E MOBILIDADE FESTAS PATRONAIS SAN FROILÁN 2015

As festas, como vén sendo tradicional, celebraranse nas vías inmediatas ao **Parque Rosalía de Castro** (lugar de localización do recinto feiral). A **praza Horta do Seminario** acollerá os distintos concertos, o **patio do Edificio Administrativo do Concello** destinarase para actividades e espectáculos do San Froilanciño, o **cantiño Nemesio Cobreros** e a explanada contigua á **rúa Soto Freire** estarán dedicadas a diferentes exposicións. Polo tanto, as vías incluídas dentro do recinto feiral serán as seguintes: explanada do Pazo Municipal dos Deportes, costas do Parque, paseo Vila de Foz, avenida García Portela, praza de Avilés, avenida Rodríguez Mourelo, avenida de Ramón Ferreiro (instalación de casetas de feira na mediana do tramo comprendido entre a rúa Celso Emilio Ferreiro/rúa Mariña Española) e fondo da praza Maior.

***A montaxe das distintas atraccións no recinto feiral poderase iniciar ás 00:00 horas do día 25 de setembro, e o seu funcionamento comezará o día 2, e finalizará ás 24 horas do día 12 de outubro.***

O asentamento das caravanas dos feirantes realizarase igual que o ano pasado, a partir das 00:00 horas do día 25 de setembro, nas rúas incluídas dentro das unidades de actuación Norte 1 e Norte 2 (inmediacións do centro comercial As Termas).

***Este plan de tráfico aplicarase dende as 19:00 horas do venres día 2 ata as 06:00 horas do martes día 13 de outubro de 2015, consta de dous procedementos.***

### **Procedemento A:**

Será o que se manteña mentres permaneza pechado o recinto feiral e se permita a circulación pola rúa Vilalba, avenida de Ramón Ferreiro e rúa Alcalde Anxo López Pérez. Durante este procedemento, as vías incluídas dentro do recinto feiral cortaranse ao tráfico os días que permaneza en funcionamento este e cando así o estime oportuno o xefe de quenda, e en función da afluencia de persoas. Poderá terse como hora de referencia as 19:00 horas.

### **Procedemento B:**

Será o que se estableza cando se realice o corte da ronda da Muralla á altura da rúa Santiago.

Aplicarase os días festivos e as fins de semana, coincidindo cunha maior afluencia de público, e manterase de forma continuada dende as **15:00 horas\*** do día 3 ata as 06:00 horas do día 6 de outubro, e dende as 19:00 horas do día 9 ata as 06:00 horas do día 13 de outubro.

\* Este horario (15:00 horas do día 3), de ser necesario, debido á afluencia de persoas ao recinto feiral, poderase **adiantar ao venres día 2** e á hora que o xefe de quenda considere oportuna, e levará consigo o inicio do corte da rúa Santiago en sentido ascendente dende a intersección coa avda. da República Argentina.

As vías afectadas pola instalación de atraccións de feira e casetas de venda dos diferentes produtos, cando se poña en marcha algún dos dous procedementos, soamente poderán ser usadas por vehículos debidamente autorizados.

## **Ordenación das distintas rúas afectadas e que sofren variación pola montaxe e funcionamento do recinto feiral.**

### Avenida Rodríguez Mourelo:

A calzada situada na marxe da Audiencia Provincial permanece invariable en canto ao sentido de circulación. Prohibirase o estacionamento en ambas as dúas marxes.

A calzada da marxe dos institutos cortarase totalmente ao tráfico rodado para a instalación dos carruseis.

### Praza de Avilés:

Cortarase parcialmente ao tráfico e permitirase o paso dos vehículos cara ás rúas Puro Cora, García Portela e Armando Durán.

### Rúa García Portela:

A calzada adxacente ao Parque Rosalía de Castro cortarase ao tráfico para a instalación das atraccións de feira. A do lado dos edificios habilitarase en dobre sentido de circulación para o acceso de residentes e servizos. Fronte ao número 15 habilitarase unha zona de carga e descarga en horario das 09:00 ás 13:00 horas, e das 16:00 ás 19:00 horas.

### Avenida de Ramón Ferreiro:

Durante a aplicación do **Procedemento B**, a calzada que discorre fronte aos centros educativos habilitarase en dobre sentido para facilitar a entrada e saída das e dos residentes. A oposta sufrirá dous cortes, un á altura da rúa Celso Emilio Ferreiro e o segundo na confluencia da rúa Salvador de Madariaga.

Debido á montaxe das casetas da feira "**Gastroarte**" na mediana, impedirase o cambio de sentido na confluencia coa rúa Cambria mediante valado para facilitar o tránsito peonil.

### Rúa Alcalde Anxo López Pérez:

Sinalizarase para impedir o estacionamento na marxe dereita para a reserva de espazo para os diferentes servizos.

### Rúa Santiago:

Esta vía pasará a ser en todo momento **de sentido único de baixada**, no tramo comprendido entre a ronda da Muralla e a avenida da República Argentina, **dende as 19:00 horas do día 2 de outubro\* e ata a finalización das festas**. Así daráselle maior fluidez ao tráfico da ronda da Muralla.

\* Este horario poderá ser modificado a criterio do xefe de quenda, dependendo da afluencia de público; poderá pospoñerse ata as 15:00 horas do sábado día 3.

### Rúa Cidade de Vigo:

Establécese en dobre sentido de circulación durante as festas para facilitar o acceso de vehículos con destino ao aparcadoiro da praza da Constitución, residentes con praza de garaxe, vehículos auto-taxi e carga-descarga da Estación de Autobuses. Para iso prohibirase o estacionamento do lado dos inmobles e seguirase permitindo en batería fronte ao muro da Estación de Autobuses.

### Praza da Constitución:

Sufrirá cambios no seu ordenamento para facilitar a entrada e saída de vehículos despois dos cambios realizados na rúa Cidade de Vigo.

### Rúa Frei Plácido Rei Lemos:

Disporá dun corte de tráfico á altura do acceso ao antigo Hospital Provincial de San José. Prohibirase o estacionamento na marxe dereita en dirección ao paseo Vila de Foz. Reservarase un espazo para o estacionamento de vehículos oficiais e crearase unha zona de carga e descarga sen limitación horaria e a continuación estacionamento de turismos en liña ata a rúa Santiago.

Rúa Armando Durán:

Sinalizarase para que o acceso das e dos residentes se realice pola rúa Pintor Corredoira.

**Vías afectadas e medidas para adoptar durante a aplicación do procedemento B:**

Ronda da Muralla:

Terá un corte de tráfico á altura da rúa Santiago. Desviarase todo o tráfico da ronda e da rúa Cidade de Viveiro pola rúa Santiago.

A través deste corte permitirase o acceso de vehículos autorizados e de residentes a este tramo e aos da rúa Vilalba, carril dos Loureiros e das vías das inmediacións do Parque de Rosalía de Castro. O acceso á rúa Bispo Aguirre e á praza Maior facilitarase ata que a afluencia de persoas así o permita.

Rúa Vilalba:

Efectuarase un corte de tráfico unha vez superada a intersección do carril dos Loureiros e as persoas residentes desta vía accederán dende o punto de corte da ronda e sairán polo carril dos Loureiros, en sentido contrario ao habitual cara á rúa Cedrón del Valle.

Carril dos Loureiros:

Durante a aplicación deste procedemento, cambiaráselle o sentido de circulación para facilitar a saída das e dos residentes do tramo da ronda da Muralla, rúa Vilalba e do propio carril dos Loureiros en dirección á rúa Cedrón del Valle e á rúa Cidade de Viveiro.

Rúa Puro Cora:

Disporá dun primeiro corte de tráfico flexible na súa confluencia coa rúa Ribadeo, Xeneral Tella e Pascual Veiga. Permitirase o acceso de vehículos das persoas residentes, dos que van con destino ás prazas de estacionamento e ás que se atopan reservadas nesta vía. Logo haberá un segundo corte total na intersección coa praza de Avilés.

Rúa Salvador de Madariaga:

Realizarase un corte de tráfico á altura da praza de Bretaña. Permitirase soamente o acceso das persoas residentes e dos vehículos que se dirixen ao aparcadoiro do Seminario.

Avenida de Ramón Ferreiro:

A calzada que discorre fronte aos centros educativos habilitarase en dobre sentido para facilitar a entrada e saída das e dos residentes.

A oposta sufrirá dous cortes, un á altura da rúa Celso Emilio Ferreiro e o segundo na confluencia da rúa Salvador de Madariaga.

**Medidas complementarias:**

Na rúa Puro Cora habilitaranse adxacentes ao Parque e de forma provisional seis prazas para persoas con diversidade funcional, seis para a Audiencia Provincial, nove para o Xulgado de Garda, seis para realizar operacións de carga e descarga, e o resto das prazas reservarase para as actividades programadas polo Concello. Na marxe oposta permitirase o estacionamento.

Autorizacións:

As persoas residentes afectadas polos cortes de tráfico, as e os condutores dos vehículos que utilizan as áreas de estacionamento interiores dos distintos centros escolares que se atopan no interior do recinto feiral e a súa área de influencia, quen realice operacións de carga e descarga, incluídos feirantes, deberán proveerse das correspondentes autorizacións de acceso na Oficina de Atención ao Cidadán (OAC) da Policía Local, sita na rúa das Artes, número 33, en horario das 08:30 ás 21:30 horas, ou a través do correo electrónico [policialocal@concellodelugo.org](mailto:policialocal@concellodelugo.org)

Zonas de carga e descarga sinalizadas dentro do recinto feiral:  
rúa García Portela, rúa Frei Plácido Rei Lemos e Puro Cora.

Zonas de estacionamento disuasorias:

Crearanse **catro zonas de aparcadoiro** situadas nas inmediacións das principais vías de acceso á cidade (**dúas na rúa Campos Novos, unha en "Ás Termas" e outra no polígono das inmediacións das dependencias da Policía Local**, que estarán debidamente sinalizadas mediante carteis, para que as e os visitantes e a cidadanía en xeral dispoñan de prazas de estacionamento, evitando así, na medida do posible, o acceso do vehículo privado ao centro e ao recinto feiral.

**Habilitarase unha zona para o estacionamento de autobuses na rúa Madanela.**

Prolongacións de liñas e servizos especiais dos autobuses urbanos:

As liñas 3AE, 4E, 5E e 6E prolongarán os seus percorridos habituais ata as tres da madrugada os días 3, 4, 5, 10, 11 e 12 de outubro. Dúas **liñas especiais** unirán estes mesmos días as zonas de estacionamento da rúa Campos Novos, polígono inmediacións Policía Local (rúa Fonte da Bica) e o aparcadoiro do centro comercial "As Termas" coa **parada que se situará na rúa Celso Emilio Ferreiro** (fronte ao Gran Hotel), cunha frecuencia horaria de 30 minutos ata as tres da madrugada os sábados e domingos e ata as dúas de madrugada os festivos. Estas zonas tamén se sinalizarán convenientemente con carteis, que facilitarán información completa dos horarios e itinerarios dos autobuses.

Taxis:

Co motivo das festas patronais, o servizo de auto-taxi reforzará o servizo do número de taxis dispoñibles, concretamente nas paradas da praza de Santo Domingo e praza da Constitución. **Para dar un mellor servizo ás persoas usuarias do taxi, permitirase o acceso destes vehículos á zona acoutada do recinto feiral e a súa área de influencia, sempre que as condicións do tránsito peonil así permítano.**

Sala de Control de Tráfico:

Durante as festas, os ciclos semaforicos sufrirán un axuste na súa frecuencia para adaptalos ás necesidades do tráfico, tanto de día como de noite.

Espazo habilitado para os medios de comunicación:

Os medios acreditados disporán dunha reserva de espazo na rúa Pascual Veiga para facilitar o seu labor informativo.

Patio do edificio administrativo do Concello:

Dende o 1 e ata o día 13 de outubro, ambos os dous inclusive, prohibirase o estacionamento de vehículos no recinto debido á montaxe, desmontaxe e celebración das distintas actividades de San Froilanciño.

Control de accesos á rúa Vilalba e Porta de Santiago:

A Brigada de Sinalización fará abasto de senllos valos con sinal R-101 (entrada prohibida), para os cortes eventuais que puidesen producirse con ocasión dos distintos eventos.

**Outras actividades que poden afectar ao tráfico:**

Día 4 de outubro (domingo)

A Concellería de Cultura incluíu dentro do programa das Festas de San Froilán 2015 a celebración dunha verbena coa orquestra "**A Fórmula**" na zona peonil situada entre as Torres do Seminario e a praza de Breaña. A devandita actuación pode congrega un número importante de persoas na zona polo que, de ser necesario, este Gabinete de Tráfico previu que durante a actuación se teña que realizar un corte do tráfico rodado na rúa Dinán confluencia coa rúa das Hermanitas e na rúa Galicia coa praza de Breaña. Permitirase o paso de residentes, Comandancia Garda Civil e aparcadoiro do Seminario.

Día 9 de outubro (venres)

Igual que en edicións anteriores, a Concellería de Cultura, en colaboración coa asociación de hostaleiros de praza de Augas Férreas, organizou a actuación da orquestra **El Combo Dominicano**, polo que se cortará ao tráfico á devandita praza, corte que se iniciará cando o xefe de quenda así o estime oportuno.

Para garantir o normal desenvolvemento do concerto, ademais de efectuar o corte de tráfico á praza, será necesario proceder á prohibición de estacionamento nas catro dársenas que a rodean e nos dous tramos comprendidos entre a rúa Antonio Rosón-rúa María Castaña e rúa Enriqueta Otero-rúa Cánovas del Castillo. (Establécese un dispositivo de tráfico en informe complementario).

O que informo para os efectos oportunos

Lugo, 15 de setembro de 2015

O inspector do Gabinete de Tráfico

Fdo. Manuel Vázquez Sanjurjo

P.D. Este Plan de tráfico aínda poderá sufrir modificacións antes da data de inicio dos festexos.

SR. XEFE DA POLICÍA LOCAL DE LUGO